

ACORDO DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa no seu nome e na súa representación en virtude do Decreto 35/2022, de 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, do 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

E doutra, dona Rocío Mosquera Álvarez, actuando en nome e representación de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., en calidade de directora-xerente e como apoderada, resultando as súas facultades xenéricas do acordado polo Consello de Administración da dita entidade en data 22 de xaneiro de 2018, elevado a escritura pública o 22 de febreiro de 2018, outorgada ante o notario de Santiago de Compostela, D. Manuel Remuñán

López, co número 366 do seu protocolo. En adiante, "GALARIA".

As partes intervinientes recoñécense mutuamente capacidade legal para subscribir a presente addenda, e para iso,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O 5 de novembro do 2021, asínase o convenio de colaboración educativa entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela no que se establecen a forma e condicións de cooperación entre as partes para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e máster universitario nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que o Servizo Galego de Saúde ou a Consellería de Sanidade, no ámbito das súas competencias, poñan á disposición a tal fin.

SEGUNDO. O 2 de decembro do 2022, asínase a addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e máster para a adhesión de Galaria, empresa pública de servizos sanitarios, S.A.

TERCEIRO. O 29 de decembro do 2023, asínase a addenda que engade a cláusula décimo cuarta bis relativa á "*Inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas externas baixo a aplicación do presente convenio*" e modifica a cláusula décimo quinta "*Financiamento do convenio*" do convenio asinado con data 5 de novembro do 2021.

CUARTO. Na cláusula vixésimo primeira do convenio "*Vixencia do convenio, modificación e prórroga*" previuse que o prazo de vixencia sería de catro anos desde o día seguinte ao da súa sinatura, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais.

QUINTO. As partes consideran de interese continuar coa colaboración iniciada con base no convenio de colaboración mencionado e estiman que é necesaria a súa renovación



É por iso que as partes

ACORDAN

PRIMEIRO.- Prorrogar a duración do convenio por catro anos máis, prazo que se computará a partir do día 6 de novembro de 2025 e ata o 5 de novembro de 2029.

SEGUNDO.- O resto das cláusulas contidas no convenio e nas súas adendas permanecerán inalteradas.

E en proba de conformidade, asínase o presente acordo de prórroga na data da sinatura dixital

O Conselleiro de Sanidade e Presidente do
Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega
para a Xestión do Coñecemento en Saúde

O Reitor da Universidade de Santiago de
Compostela

D. Antonio Gómez Caamaño

D. Antonio López Díaz

A Directora – Xerente de Galaria, Empresa
Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

Rocío Mosquera Álvarez

